

Asdo.: RAFAEL BERMÚDEZ IGLESIAS

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE DOCENTES DE CURSOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

1.- OBXECTO:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria para a contratación por PRESTACIÓN DE SERVICIOS de docentes para impartir-los módulos formativos dos cursos que se detallan no correspondente Anexo

2.- DURACIÓN DO CONTRATO:

O contrato terá unha duración igual ás horas de docencia de cada materia, tal e como se reflexa nos Anexos.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Os devanditos requisitos deben posuírse o último día do prazo para a presentación de solicitudes.

- Ser maior de idade
- Estar en posesión de titulación universitaria, de grado medio ou superior , ciclo formativo de grao superior ,relacionada cos contidos da especialidade a impartir, ou capacitación profesional equivalente na ocupación relacionada co curso.
- Ter unha experiencia profesional mínima de tres anos nunha ocupación relacionada cos módulos do que vai impartir curso. No seu defecto ter aprobación por parte da Delegación da Consellería de Traballo (no caso de que o curso pertenza ó Plan FIP ou accións formativas e complementarias do Plan FIP).
- Non estar separado mediante expediente disciplinario dos servizos en ningunha administración pública, nin estar incurso en causa de incompatibilidades ou incapacidades para o exercicio da función pública.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o exercicio de funcións

No suposto de que non acrediten estes requisitos, os solicitantes decaerán en tódolos seus dereitos e quedarán excluídos da convocatoria.

4.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.

A Comisión encargada da selección está integrada polos membros da Comisión de Promoción económica, formación, emprego e turismo e un técnico con voz e sen voto.

A efectos de asistencias e dietas, a comisión cualificadora entenderase encadrada na categoría segunda

Asdo.: RAFAEL BERMÚDEZ IGLESIAS

5.- SOLICITUDES, APERTURA DA CONVOCATORIA E PRAZOS.

5.1. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do concello de Mugardos (Concello de Mugardos, Avda. De Galicia, 45, 15620 Mugardos). Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

5.2. A apertura da convocatoria e o prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no xornal "La Voz de Galicia".

6.- DOCUMENTACIÓN

A cada solicitude o/a candidato/a xuntará a seguinte documentación:

- a) fotocopia compulsada do DNI
- b) copia cotexada do título académico requirido
- c) Currículo Vitae, no que se fará constar a formación e experiencia profesional relacionadas coa especialidade na que se solicita.
- d) Os méritos que invoquen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, así como o cumprimento dos requisitos esixidos, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que se presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que pola comisión se considere que non estiveran suficientemente acreditados

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección farase mediante Concurso:

- Valoración de méritos
- Entrevista, no caso de que ningún candidato/a supere en 3 ou mais puntos ao seguinte.

7.1.- O baremo que se utilizará para a valoración curricular dos docentes será o seguinte:

A) Formación Académica:

- a. Ciclo formativo de grao superior ou equivalente : 3,75 puntos
- b. Título universitario de grao medio ou equivalente: 4,5 puntos
- c. Título universitario de grao superior ou equivalente: 5 puntos

Só se computará a titulación de maior nivel e que estea directamente relacionada co temario a impartir

B) **Cursos de formación recibidos** directamente relacionados coa ocupación, realizados con aproveitamento en centros oficiais ou homologados : 0,007 puntos por hora.

Neste punto só se valorarán os cursos realizados nos últimos 10 anos, ata un máximo de 10 puntos.

Asdo.: RAFAEL BERMÚDEZ IGLESIAS

C) Cursos de formación metodolóxica recibidos que fosen impartidos en centros oficiais ou homologados: 0,007 puntos por hora, ata un máximo de 10 puntos.

D) Cursos de lingua galega:

a. Iniciación: 0,25 puntos

b. Perfeccionamento: 0,50 puntos

Só se valorará o grao superior alegado.

Só se lles concederá validez, polo que á acreditación de coñecementos de lingua galega se refire, aos cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

E) Experiencia profesional na actividade obxecto da acción formativa: 0,08 puntos por mes traballado no sector, ata un máximo de 10 puntos.

Para os efectos de acreditar esta experiencia, os aspirantes deberán presentar un informe de vida laboral e copia compulsada do contrato de traballo, podendo utilizarse, no seu defecto, calquera outro medio de proba admitido en dereito que acredite a experiencia alegada.

F) Cursos de formación profesional ocupacional do Plan FIP ou FSE impartidos:

a. Da ocupación solicitada: 0,008 puntos por hora

b. Da mesma área profesional cá especialidade solicitada: 0,006 puntos por hora

Ata un máximo de 20 puntos

G) Cursos de formación profesional impartidos que non correspondan ó Plan FIP ou ó FSE:

a. Da ocupación solicitada: 0,002 puntos por hora

b. Da mesma familia profesional có curso de ocupación solicitado: 0,001 puntos por hora

Ata un máximo de 15 puntos

A puntuación mínima para superar a fase de valoración de méritos dos candidatos, que terá carácter eliminatorio, será de **10 puntos**.

No caso de que un aspirante acade unha puntuación 3 puntos superior á do seguinte, non se efectuará a entrevista.

7.2.- A Entrevista que consistirá en responder ás preguntas que sobre a traxectoria académica dos/as aspirantes e sobre os seus coñecementos e experiencias profesionais faga a comisión de selección. Na mesma valorarase a claridade de ideas, a claridade expositiva e a coherencia da traxectoria académica e profesional en relación coas funcións do posto.

A entrevista puntuará 4 puntos máximo.

O presente documento foi aprobado por Resolución da
Alcaldía nº392/2008 de data 29.05.2008

Mugardos, 29 de maio de 2008

O SECRETARIO

Asdo.: RAFAEL BERMÚDEZ IGLESIAS

8.- SELECCIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS

A cualificación final dos/as candidatos/as non eliminados na primeira parte resultará da suma das puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de baremación de méritos e da entrevista.

No suposto de que dous ou máis candidatos obtivesen igual puntuación os empates dirimiranse atendendo ás seguintes circunstancias:

- Maior tempo de experiencia docente

De persistir o empate, dirimirase atendendo ás seguintes circunstancias:

- Maior tempo de experiencia laboral
- Maior titulación académica

Unha vez realizada a selección, a comisión de selección elevaraa á Alcaldía para que proceda a ordena-la súa aprobación definitiva e a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos

9.- ALEGACIONES

Os/As candidatos/as disporán dun prazo de sete días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do resultado da selección no taboleiro de anuncios do Concello de Mugardos, para formular as oportunas alegacións que serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello.

Mugardos, 28 de maio de 2008

Asdo.: RAFAEL BERMÚDEZ IGLESIAS

ANEXO I

PROGRAMA FORMATIVO A IMPARTIR POLO/A DOCENTE DOS MÓDULOS DE MONITOR/A SOCIOCULTURAL

Módulo I: Técnicas experimentais para o estudio de campo (35 horas).

Módulo II: Técnicas de Planificación e deseño de programas (85 horas).

Módulo III: Técnicas de organización (35 horas).

Módulo IV: Técnicas de avaliación (55 horas).

Módulo V: Dirección de equipos (55 horas).

Módulo VI: Técnicas de xestión (35 horas).

TOTAL HORAS DOCENCIA: 300 HORAS

RETRIBUCIÓN POR HORA DE DOCENCIA: 35 €

PRAZO DE PRESENTACIÓN: 10 días naturais que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no xornal “La Voz de Galicia”.

ENTREVISTA PERSOAL:

No caso de ter que realizarse a entrevista persoal, tal como se reflexa nas bases, esta terá lugar o día 27 de xuño ás 9:00 horas na Sala de xuntas do Concello

A tal efecto, os resultados da baremación publicaránse no Taboleiro de Anuncios do Concello, como mínimo con dous días de antelación.

Teléfono de información: 981 470338 (Ext. 8) (Axencia Local de Emprego)

O presente documento foi aprobado por Resolución da
Alcaldía nº392/2008 de data 29.05.2008
Mugardos, 29 de maio de 2008
O SECRETARIO

Asdo.: RAFAEL BERMÚDEZ IGLESIAS

**PROGRAMA FORMATIVO A IMPARTIR POLO/A DOCENTE DO MÓDULO
DE CREACIÓN DE EMPRESAS**

Módulo VII: Creación de empresas (20 horas)

TOTAL HORAS DOCENCIA: 20 HORAS

RETRIBUCIÓN POR HORA DE DOCENCIA: 35 €

PRAZO DE PRESENTACIÓN: 10 días naturais que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no xornal “La Voz de Galicia”.

ENTREVISTA PERSOAL:

No caso de ter que realizarse a entrevista persoal, tal como se reflexa nas bases, esta terá lugar o día 27 de xuño ás 9:00 horas na Sala de xuntas do Concello

A tal efecto, os resultados da baremación publicaránse no Taboleiro de Anuncios do Concello, como mínimo con dous días de antelación.

Teléfono de información: 981 470338 (Ext. 8) (Axencia Local de Emprego)